



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 16/02/2017 08:37:04

SAÍDA 14699 / RX 244730



CONFRARÍA DE PESCADORES "SAN BARTOLOMÉ" DE NOIA
Avda. República de Argentina, 21
15200 – NOIA
(A Coruña)

Asunto: Ratificación estatuto da Confraría de Pescadores "San Bartolomé" de Noia
Expdt.: EST.031/15.CO.NOI

Examinado polo Servizo de Apoio e Relación coas Organizacións Sectoriais, no ámbito das súas competencias, a adaptación do estatuto da Confraría de Pescadores "San Bartolomé" de Noia, ao Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, realizada en cumprimento da súa disposición transitoria primeira.

O texto cumpre cos requisitos establecidos no Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, de aprobación pola xunta xeral da confraría, na súa reunión do día 29.12.2015, e de conformidade co disposto no artigos 2 e 14 da Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia, e cos artigos 117 a), 118 e 119 do devandito decreto relativo ao Rexistro de Confrarías e das súas Federacións.

Polo dito, procede

RATIFICAR a adaptación do estatuto da Confraría de Pescadores "San Bartolomé" de Noia, procedéndose a inscrición no Rexistro de Confrarías e das súas Federacións no Tomo II, Libro 41- Confraría "San Bartolomé" de Noia, Volume 1 adquirindo desde este momento eficacia xurídica, consonte ao disposto no artigo 2.2 da Lei 9/1993, do 8 de xullo.

A ratificación e inscrición dos estatutos no rexistro serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, **15 FEB. 2017**
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Susana Rodríguez Carballo

**ESTATUTOS DA CONFRARÍA
DE PESCADORES S. BARTOLOMÉ
DE NOIA**



ÍNDICE

CAPÍTULO I - DENOMINACIÓN, ÁMBITO TERRITORIAL E DOMICILIO

Artigo 1º.- Denominación

Artigo 2º.- Ámbito territorial

Artigo 3º.- Domicilio social

CAPÍTULO II - DAS FUNCIÓNS DA CONFRARÍA

Artigo 4º.- Funcións da confraría

CAPÍTULO III - DOS MEMBROS DA CONFRARÍA

Artigo 5º.- Das persoas membro

Artigo 6º.- Da adquisición da condición de persoa membro

Artigo 7º.- Do mantemento da condición de persoa membro

Artigo 8º.- Da perda da condición de persoa membro

Artigo 9º.- Suspensión da condición de persoa membro

Artigo 10º.- Dereitos das persoas membro

Artigo 11º.- Obrigas das persoas membro

Artigo 12º.- Da responsabilidade das persoas membro

CAPÍTULO IV - CENSO DE AFILIADOS/AS

Artigo 13º.- Inscripción e acceso ao censo

Artigo 14º.- Actualización do censo

CAPÍTULO V - ÓRGANOS DA CONFRARÍA

Sección 1ª Órganos reitores

Artigo 15º.- Dos órganos reitores

Artigo 16º.- Da xunta xeral

Artigo 17º.- Composición da xunta xeral

Artigo 18º.- Das funcións da xunta xeral

Artigo 19º.- Da constitución da xunta xeral



Artigo 20º.- Das reunións da xunta xeral e da súa convocatoria

Artigo 21º.- Deliberación e acordos da xunta xeral

Artigo 22º.- Contido mínimo das actas da xunta xeral e do cabido

Artigo 23º.- Da publicidade dos actos e acordos da xunta xeral

Artigo 24º.- O cabido e a súa composición

Artigo 25º.- Funcións do cabido

Artigo 26º.- Da constitución do cabido

Artigo 27º.- Das reunións do cabido e da súa convocatoria

Artigo 28º.- Deliberación e acordos do cabido

Artigo 29º.- Da publicidade dos actos e acordos do cabido

Artigo 30º.- Do/a patrón/patroa maior

Artigo 31º.- Das funcións do/a patrón/patroa maior

Artigo 32º.- Do cesamento do patrón/patroa maior

Artigo 33º.- Dos/as vicepatróns/vicepatroas maiores

Artigo 34º.- Da comisión xestora

Artigo 35º.- Das funcións da comisión xestora

Artigo 36º.- Da imposibilidade de constitución da comisión xestora

Artigo 37º.-. Das seccións

Sección 2ª Perda da condición de persoa membro de órgano reitor

Artigo 38º.-Da perda de condición de persoa membro dos órganos reitores da confraría

Artigo 39º.- Da provisión de vacantes nos órganos reitores da confraría

Sección 3ª Do persoal

Artigo 40º.- Do persoal laboral da confraría

Artigo 41º.- Do/a secretario/a da confraría

Artigo 42º.- Do procedemento de provisión do/a secretario/a da confraría

Artigo 43º.- Das funcións do/a secretario/a da confraría

CAPÍTULO VI - DAS AGRUPACIÓNS SECTORIAIS

Artigo 44º.- Constitución

Artigo 45º.- Procedemento de constitución

Artigo 46º.- Dos órganos reitores

Artigo 47º.- Normas de aplicación



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

CAPÍTULO VII - DO RÉXIME ORZAMENTARIO, ECONÓMICO E CONTABLE

Artigo 48º.- Patrimonio da confraría

Artigo 49º.- Recursos económicos

Artigo 50º.- Cotas extraordinarias

Artigo 51º.- Do orzamento e da súa elaboración

Artigo 52º.- Do réxime contable

Artigo 53º.- Do procedemento interno de control da xestión orzamentaria e contable

Artigo 54º.- Da documentación contable e da obriga de legalización

Artigo 55º.- Das contas anuais

Artigo 56º.- Obriga de conservación das contas anuais

Artigo 57º.- Das exencións e beneficios fiscais

Artigo 58º.- Da responsabilidade

Artigo 59º.- Da acción de responsabilidade

CAPÍTULO VIII - DA FUSIÓN E DISOLUCIÓN DA CONFRARÍA

Artigo 60º.- Da fusión da confraría

Artigo 61º.- Da disolución da confraría

CAPÍTULO IX - DO PROCESO ELECTORAL

Sección 1ª Normas electorais xerais

Artigo 62º.- Réxime xurídico

Artigo 63º.- Duración do mandato electoral

Artigo 64º.- Eleccións anticipadas

Artigo 65º.- Convocatoria de eleccións anticipadas

Artigo 66º.- Convocatoria ordinaria

Artigo 67º.- Electores/as

Artigo 68º.- Dereitos dos/as electores/as

Artigo 69º.- Elixibles

Artigo 70º.- Dereitos dos/as elixibles

Artigo 71º.- Censo electoral

Artigo 72º.- Sistema electoral



Artigo 73º.- Voto por correo

Sección 2ª Administración electoral

Artigo 74º.- Administración electoral

Artigo 75º.- Das persoas membro da administración electoral

Artigo 76º.- Da comisión electoral

Artigo 77º.- Funcións da comisión electoral

Artigo 78º.- Da mesa electoral

Artigo 79º.- Funcións da mesa electoral

CAPÍTULO X - SISTEMAS DE GARANTÍAS E RECURSOS

Artigo 80º.- Peticións, demandas e recursos dos/as afiliados/as

Artigo 81º.- Recursos

CAPÍTULO XI - DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO

Artigo 82º.- Do réxime disciplinario

Artigo 83º.- Iniciación

Artigo 84º.- Instrución

Artigo 85º.- Resolución

Artigo 86º.- Infraccións

Artigo 87º.- Sancións

Artigo 88º.- Prescrición

Artigo 89º.- Responsabilidade civil

Artigo 90º.- Outras responsabilidades

CAPÍTULO XII - DAS FEDERACIÓNS, ASOCIACIÓNS E CONVENIOS

Artigo 91º.- Da relación con outras confrarías

Artigo 92º.- Dos convenios e das asociacións

CAPÍTULO XIII - DA REFORMA DO ESTATUTO

Artigo 93º.- Da reforma



CAPÍTULO XIV

- DAS FESTAS OFICIAIS

Artigo 94º.- Das festividadeas



DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, ÁMBITO TERRITORIAL E DOMICILIO

Artigo 1º.- Denominación

A Confraría de Pescadores S. Bartolomé de Noia, A Coruña, en adelante Confraría, é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar, para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lle están encomendadas, que actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola (en adelante, o sector pesqueiro) e representa os intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector, e dos seus asociados, polo que poden desenvolver actividades propias da organización e comercialización da produción no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura, sen prexuízo da representación que posúen as organizacións de empresarios e traballadores da pesca, de acordo cos principios de observancia da legalidade, transparencia contable e democracia na súa estrutura interna e funcionamento.

Artigo 2º.- Ámbito territorial

O seu ámbito territorial comprende dende Punta Cabalo Baixo ata Punta Uhía.

Artigo 3º.- Domicilio social

A confraría ten o seu domicilio social na Rúa República Argentina, 21 Baixo 15200 Noia, podendo o cabido acordar o cambio de domicilio dentro do seu ámbito territorial, dando conta á xunta xeral e á consellería competente en materia de pesca.



CAPÍTULO II

DAS FUNCIÓNS DA CONFRARÍA

Artigo 4º.- Funcións da confraría



Son funcións da confraría:

1. Como órgano de consulta e colaboración coa Administración, correspóndenlle as seguintes:

- a) Orientar a todos/as os/as seus membros sobre as accións derivadas da aplicación da normativa concernente ao sector pesqueiro e, en particular, sobre axudas, subvencións e programas establecidos pola Administración pública.
- b) Promover actividades de formación dos/as profesionais nas actividades referidas á pesca.
- c) Servirle como entidade de consulta á Administración en aquelas cuestións concernentes ao sector, en especial na elaboración das disposicións de carácter xeral que lle sexan sometidas.
- d) Elevarlle á Administración propostas sobre materias de interese pesqueiro e, en particular, sobre aquelas accións tendentes a mellorar as condicións técnicas, económicas e sociais da actividade pesqueira.
- e) Promover a creación de servizos comúns para os seus membros.
- f) Velar polo estrito cumprimento da legalidade normativa e en especial en materia de pesca, de descarga, primeira venda e de comercialización dos recursos mariños cando teñan asignados estes servizos.
- g) Colaborar coa Administración na elaboración das estatísticas do sector pesqueiro e, en particular, remitir á consellería competente en materia de pesca os datos relativos á descarga e primeira venda dos recursos mariños en fresco, no prazo e forma regulamentariamente establecida pola Administración competente.
- h) Facilitar o labor de inspección e subministrar a documentación e información que se precise, a requirimento da administración competente.
- i) Desenvolver aquelas outras funcións que lles sexan encomendadas pola Administración competente en materia de pesca.

2. Así mesmo, na defensa dos intereses profesionais, correspóndenlle as funcións de:

- a) Promover a creación de servizos sociais, recreativos, culturais ou análogos para as súas persoas membro.
- b) Xestionar as áreas da zona marítimo e marítimo terrestre que lle fosen confiadas mediante o título administrativo habilitante correspondente, expedido pola Administración competente.
- c) Xestionar e administrar aqueles bens patrimoniais que lles sexan cedidos por calquera Administración pública para o cumprimento dos seus fins.
- d) Responsabilizarse da vixilancia das zonas de dominio público marítimo, e marítimo terrestre, que lle foran confiadas para o seu aproveitamento.
- e) Administrar os seus propios recursos e patrimonio.
- f) Promover a execución de plans de capturas, concentrar a oferta e regularizar os prezos.
- g) Establecer os plans de produción e comercialización, co fin de mellorar a calidade dos produtos e adaptar o volume da oferta ás esixencias do mercado.
- h) Facilitar a comercialización da produción, de acordo coa normativa vixente.
- i) Adoptar as medidas necesarias para a aplicación da política pesqueira comunitaria que sexan da competencia dos/as produtores/as.
- j) Fomentar o movemento asociativo como instrumento para a consecución dos obxectivos de ordenación e potenciación do sector.
- k) Favorecer a creación de empresas, asociacións e cooperativas, coa posibilidade de participar nelas, co obxectivo de acadar eficacia e rendabilidade nos procesos de transformación e comercialización dos produtos pesqueiros, , así como participar en proxectos que fomenten a súa diversificación.
- l) Prestar servizos de carácter xeral aos/ás afiliados/as.
- m) Aquelas outras funcións que lles confiran estes estatutos.

3. Desenvolver aquelas outras funcións que lle sexan atribuídas ou encomendadas pola consellería competente en materia de pesca.



9

CAPÍTULO III

DOS MEMBROS DA CONFRARÍA

Artigo 5º.- Das persoas membro

1. Poderán ser membros da confraría as persoas físicas ou xurídicas que voluntariamente se asocien, sempre que desenvolvan habitualmente unha actividade extractiva pesqueira, marisqueira ou de produción acuícola, e estean en posesión do correspondente título administrativo que os/as habilite para o exercicio da actividade.

2. Os membros da confraría integraranse nun dos dous colectivos, o de traballadores/as ou o de empresarios/as:
 - a) Integraranse no colectivo de traballadores/as:
 - a.1 Os/as traballadores/as por conta allea debidamente enrolados/as en embarcacións dedicadas á actividade pesqueira ou marisqueira, que teñan base nun porto do ámbito territorial da confraría, coa excepción do recollido no apartado 3 deste artigo.
 - a.2 Os/as traballadores/as por conta propia que realicen os labores necesarios para a extracción dos recursos mariños no ámbito territorial da confraría.
 - a.3 Os/as traballadores/as por conta allea que presten os seus servizos en actividades de explotación de parques de cultivo que estean no ámbito territorial da confraría, ou en viveiros flotantes, sempre que figuren enrolados/as nunha embarcación con porto base no ámbito territorial da confraría.
 - a.4 Aqueles membros traballadores/as de persoas xurídicas que figuren debidamente enrolados en embarcacións dedicadas á actividade extractiva de recursos mariños. O membro que exerza a representación inscribírase no censo de colectivo de empresarios.
 - a.5 Aqueles/as integrantes dunha comunidade de bens, que estean debidamente enrolados/as en embarcacións dedicadas á actividade extractiva de recursos mariños, agás aquel/a comunero/a que represente á comunidade de bens no colectivo de empresarios/as.



- b) Integraranse no colectivo de empresarios/as:
- b.1 As persoas físicas ou xurídicas que realicen unha actividade como armador/a de embarcacións dedicadas á actividade pesqueira ou marisqueira, que teñan base nun porto do ámbito territorial da confraría, coa excepción do recollido no apartado 3 deste artigo.
 - b.2 Os/as titulares de concesións ou autorizacións marisqueiras, que estean dentro do ámbito territorial da confraría.
 - b.3 Os/as titulares de parques de cultivo que estean no ámbito territorial da confraría, ou de viveiros flotantes, sempre que a súa embarcación teña base nun porto do ámbito territorial da confraría, ou estean enrolados/as en embarcacións con porto base neste ámbito.
3. As persoas armadoras e tripulacións de embarcacións que carecen no seu ámbito dun porto base axeitado, e tradicionalmente manteñan unha vinculación social e económica con outra confraría, poderán ser socios/as desta, ata que exista un porto que cumpra coas necesidades destes colectivos no seu ámbito territorial.
4. Cando unha persoa xurídica estea composta por varios/as profesionais do sector extractivo, esta integrarase no colectivo de empresarios/as a través do/a seu/súa representante legal. O resto de integrantes inscribíranse como traballadores/as, sempre que reúnan os requisitos establecidos no punto 2.a).4 deste artigo.
5. No caso das comunidades de bens, un dos seus integrantes a representará no colectivo de empresarios. O resto de partícipes que cumpran cos requisitos do punto 2 a).5 deste artigo inscribíranse no colectivo de traballadores.
6. Se a persoa armadora tivese máis dunha embarcación con portos base en ámbitos territoriais de diferentes confrarías soamente poderá afiliarse nunha delas.



Artigo 6º.- Da adquisición da condición de persoa membro

1. A condición de persoa membro da confraría adquirese pola solicitude de afiliación, manifestada por escrito, e posterior resolución motivada do cabido, logo de comprobación dos requisitos referidos no artigo anterior e nos estatutos da confraría.
2. O cabido incluirá na orde do día da primeira reunión que celebre dende a presentación da solicitude de afiliación, sobre a resolución de alta como novo membro, comunicándolle no prazo máximo dun mes a resolución adoptada. De non ser aceptada a solicitude, a resolución deberá ser motivada e igualmente notificada ao interesado/a, no prazo máximo dun mes.
3. A condición de persoa membro da confraría atribúe, desde o momento da súa afiliación, a plenitude e igualdade dos dereitos e obrigas inherentes a ela, sen prexuízo das limitacións reguladas para os dereitos a ser elector/a ou elixible.
4. Ningún membro da confraría poderá pertencer simultaneamente a outra confraría.

Artigo 7º.- Do mantemento da condición de persoa membro

1. Poderán manter a condición de persoa membro aquelas persoas que estean en situación de inactividade ou desemprego ocasional, ata un período máximo dun ano. Así mesmo, poderán manter a condición de membros os que estean nunha situación de incapacidade permanente total, sempre que nesta situación desenvolvan traballos dentro do ámbito do sector pesqueiro ou marisqueiro.
2. Aquelas persoas que sendo membros da confraría, pasen á situación de incapacidade permanente absoluta, grande invalidez ou xubilación total, manterán a condición de membro honorario/a da confraría, sen ter dereito a ser elector/a ou elixible”
3. A Confraría poderá contar con membros colaboradores que terán dereito a voz pero non a voto. A súa admisión deberá ser aprobada pola Xunta Xeral.





Artigo 8º.- Da perda da condición de persoa membro

1. A perda da condición de persoa membro da confraría producirase nos seguintes casos:
 - a) Cando se deixen de reunir os requisitos esixidos para a súa adquisición.
 - b) Por incumprimento das obrigas económicas coa Confraría transcorridos 3 meses desde o requirimento das devanditas obrigas (cota afiliado ou servizo prestado)
 - c) Por falecemento.
 - d) Por baixa voluntaria manifestada por escrito.
 - e) Por sanción disciplinaria de expulsión da confraría, logo da tramitación do correspondente expediente disciplinario.

2. Nos supostos a) e b) do parágrafo anterior, será necesario dar trámite de audiencia ao/á interesado/a antes de facer efectiva a baixa, xunto con, no caso deste último suposto, requirimento fidedigno no que se informe da cantidade total adebedada, así como o prazo para facela efectiva antes de proceder a acordar a súa baixa.

3. Para recuperar a condición de afiliado no suposto da liña b) do parágrafo 1 ademais de cumprir cos requisitos esixidos normativamente, deberá liquidar a débeda en cuestión e solicitar unha nova alta como socio.

Artigo 9º.- Suspensión da condición de persoa membro

1. Cando un membro da confraría fora condenado por sentenza xudicial firme por delitos contra a saúde pública, contra o ambiente ou tenencia ilícita de explosivos ou por falsidade documental relacionada coa actividade pesqueira, durante o tempo que se determine no fallo da sentenza de inhabilitación e/ou prisión, pasará á situación de suspensión da condición de membro. O tempo de suspensión non será computable a efectos de antigüidade.


2. O tempo en suspensión non eximirá do pago das cotas ordinarias e/ou extraordinarias, durante o tempo que esta dure.

Artigo 10º.- Dereitos das persoas membro

Son dereitos das persoas membro da confraría:

- a) Elixir e ser elixidos/as para cargos de representación e dirección dentro da confraría, e exercer, se así fosen designados/as, dita representación, sempre e cando cumpran os requisitos esixidos na normativa en vigor ao respecto.
- b) Exercer accións e formular recursos en relación cos seus dereitos, e instar á confraría ao exercicio das actuacións necesarias para a defensa dos seus membros
- c) Participar en todos os actos e reunións aos que deban ser convocados/as.
- d) Solicitalle ao cabido as aclaracións e informes que coiden necesarios sobre o estado da administración, patrimonio, funcionamento e actuacións da confraría, en todo aquilo que lles poida afectar.
- e) Formular todo tipo de propostas aos/ás seus/súas representantes.
- f) Utilizar os servizos da confraría.
- g) Participar na constitución e desenvolvemento das correspondentes seccións.
- h) Constituírse, dentro da confraría, en agrupacións sectoriais, e participar na constitución das mesmas, de conformidade co disposto no presente estatuto.
- i) Expresar libremente as súas opinións en materia e asuntos de interese do sector.
- j) Reunirse na confraría para tratar asuntos propios da profesión, con suxeición ás normas estatutarias.
- k) Dispoñer dunha copia dos estatutos e regulamentos de réxime interior.
- l) Ter acceso ao censo de afiliados/as de conformidade coa lexislación vixente.



Artigo 11º.- Obrigas das persoas membro

Son obrigas das persoas membro da confraría:

- a) Actuar conforme ao disposto nos estatutos, ao regulamento de réxime interior da confraría, e demais normativa que lles resulte de aplicación.
- b) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da confraría.
- c) Actuar con lealdade e boa fe, non obstaculizando o normal funcionamento da confraría.
- d) Satisfacer as cotas, derramas ou prestación de servizos que establezan os órganos de goberno.
- e) Participar como persoa membro da comisión ou da mesa electoral cando sexa designado/a como integrante de calquera delas.
- f) Comunicar dentro do prazo dun mes á confraría cando pasen á situación de incapacidade permanente absoluta, grande invalidez ou xubilación.
- g) Respetar a libre manifestación de pareceres e non entorpecer as actividades da confraría.
- h) Facilitar información solvente e responsable sobre cuestións que non teñan natureza reservada, cando lle sexa requirida pola confraría.
- i) Acatar os estatutos, regulamentos de réxime interior e demais normas de funcionamento da confraría.

Artigo 12º.- Da responsabilidade das persoas membro

1. O incumprimento das obrigas poderá dar lugar á existencia de responsabilidade.
2. A estes efectos, seguirase o procedemento establecido no capítulo X destes estatutos.
3. Non poderá acordarse limitación ningunha nos dereitos dos membros sen a instrución e resolución do correspondente procedemento. O expediente será incoado polo patrón/patroa maior e garantirá a audiencia ao interesado.



CAPÍTULO IV

CENSO DE AFILIADOS/AS

Artigo 13º.- Inscripción e acceso ao censo

1. A confraría levará un censo de membros no que se inscribirán todas as persoas, físicas ou xurídicas, que adquiren a condición de persoas membro, de conformidade coa normativa en vigor. A levanza do censo poderá realizarse nun soporte informático, debendo cumprir coas obrigas establecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
2. A inscrición no censo farase de oficio unha vez adquirida a condición de afiliado/a da confraría. Esta inscrición será realizada polo/a secretario/a da confraría, seguindo a estrutura establecida no artigo 18 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións. Así mesmo, será o/a responsable da súa coordinación, e actualización, así como da súa custodia e depósito.
3. As persoas membro da confraría terán acceso ao censo de membros debendo subscribir o correspondente compromiso de confidencialidade, respectando o recollido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

Artigo 14º.- Actualización do censo

1. O censo de membros deberá ser actualizado cando se produzan altas, baixas ou modificacións dos datos contidos nas súas seccións. Este censo será comunicado e remitido á consellería competente en materia de pesca cada tres meses e logo da aprobación do cabido.
2. O censo de afiliados/as manterase a disposición dos/as interesados/as para a súa consulta permanente, expoñéndose publicamente no taboleiro de anuncios da confraría



ou establecendo un sistema de consulta por medios informáticos. As reclamacións sobre inclusións, exclusións ou datos censuais dirixiranse ao cabido.

3. O censo de membros actualizado será remitido polo secretario/a da confraría á consellería competente en materia de pesca por medios electrónicos, informáticos ou telemáticas, no formato que a dita consellería determine para súa inscrición no Rexistro de Confrarías.

CAPÍTULO V

ÓRGANOS DA CONFRARÍA

Sección 1ª Órganos reitores

Artigo 15º.- Dos órganos reitores

1. Son órganos reitores da confraría: a xunta xeral, o cabido e o/a patrón/patroa maior.

Os cargos electos só percibirán as indemnizacións que por razóns do servizo lles poidan corresponder en cada caso, e cuxa contía será aprobada pola xunta xeral e se determinará nos orzamentos de ingresos e gastos que aproba anualmente a xunta xeral.

3. Os órganos reitores da confraría axustarán a súa actuación ao disposto na normativa vixente e aos seus acordos validamente adoptados, con sometemento expreso ao principio de legalidade, transparencia, democracia interna e de funcionamento.

Artigo 16º.- Da xunta xeral

1. A xunta xeral é o órgano superior de goberno e decisión da confraría, na que están representados todos/as os/as profesionais do sector afiliados/as a ela.

2. A xunta xeral actúa como órgano de control e fiscalización dos restantes órganos reitores da confraría. Os acordos que adopte obrigan á totalidade dos afiliados.



Artigo 17º.- Composición da xunta xeral

1. As persoas membro da xunta xeral elixiranse mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, por un período de catro anos, e poderán ser reelixidos/as por períodos de igual duración.
2. A xunta xeral está presidida polo/a patrón/patroa maior, asistido/a polos/as vicepatróns/vicepatroas maiores e o/a secretario/a.
3. A xunta xeral estará composta polas persoas membro que lle correspondan en función do seu censo segundo os criterios establecidos no artigo 23.3 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións. Respetará, sempre que sexa posible, a paridade entre traballadores/as e empresarios/as, así como a proporcionalidade entre sectores da produción. Os distintos sectores da produción dunha confraría estarán representados na xunta xeral sempre que conteña un número de persoas membro suficiente que lles permita contar cun/cunha vogal na xunta xeral.
4. Cando un sector da produción estea constituído en agrupación sectorial, os/as integrantes del que resulten electos/as como vogais da xunta xeral, terán carácter de membros natos da xunta directiva desa agrupación sectorial, no número que corresponda.

Artigo 18º.- Das funcións da xunta xeral

1. Correspóndenlle á xunta xeral as seguintes funcións:
 - a) Aprobar e modificar, total ou parcialmente, os estatutos e regulamentos internos da confraría.
 - b) Acordar a convocatoria de eleccións para a cobertura de vacantes nos órganos de goberno, por propia iniciativa, ou por proposta do cabido.



- c) Elixir e destituír ao/á patrón/patroa maior, e aos/ás persoas membro do cabido.
- d) Nomear e destituír ao/á secretario/a da confraría.
- e) Acordar a modificación do seu ámbito territorial, nos termos previstos no artigo 9 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.
- f) Acordar a fusión, disolución ou federación da confraría.
- g) Aprobar o orzamento anual e as súas modificacións, cando estas, illada ou acumulativamente, excedan do 10% do total do orzamento.
- h) Acordar a fixación das cotas ordinarias ou extraordinarias.
- i) Acordar calquera actuación que comprometa en máis do 10% os fondos propios da confraría, reflectidos nas contas anuais correspondentes ao exercicio inmediatamente anterior.
- j) Autorizar ao patrón/patroa maior para tomar diñeiro a préstamos, concertar avais e demais instrumentos financeiros solicitar subvencións, asinar convenios, concertos e acordos, e interpoñer recursos e formular litixios.
- k) Aprobar a memoria anual relativa ás actividades da confraría e as contas anuais.
- l) Constituír a sección de organización da produción.
- m) Autorizar a contratación do persoal laboral.
- n) Decidir sobre aquelas cuestións de interese que outro órgano reitor someta á súa consideración.
- o) Solicitar e recibir do cabido a información oportuna sobre a situación da confraría.
- p) Informar sobre a idoneidade dos plans de xestión elaborados polas agrupacións sectoriais, e propoñer estes á consellería competente en materia de pesca para a súa aprobación.
- q) Ratificar o acordo de constitución de agrupacións sectoriais
- r) Acordar a solicitude de intervención administrativa pola administración competente.
- s) Regular as funcións que debe desenvolver o persoal en cada posto de traballo.
- t) Acordar as indemnizacións que por razóns do servizo lle correspondan aos cargos electos.
- u) Calquera outra que considere a confraría, dentro das competencias que lle poda outorgar a lexislación vixente.



2. A xunta xeral poderá delegar no cabido, e coas limitacións que estime convenientes, o exercicio das funcións recollidas nas letras j) e m) do parágrafo anterior. A delegación deberá ser acordada pola maioría absoluta dos seus integrantes. En caso de urxencia, e sen necesidade de delegación, o cabido poderá autorizar, única e exclusivamente ao/á patrón/patroa maior para interpoñer recursos e litixios, dándolle conta á xunta xeral na súa primeira reunión.

Artigo 19º.- Da constitución da xunta xeral

1. Para a válida constitución da xunta xeral, aos efectos da adopción válida de acordos requirirase na primeira convocatoria a presenza do/a patrón/patroa maior, o/a secretario/a ou quen os substitúa e, polo menos a metade dos seus integrantes. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

2. As sesións celebraránse en segunda convocatoria, debendo gardarse un mínimo de 30 minutos desde a primeira, debendo asistir como mínimo un cuarto (1/4) dos seus membros. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión.

Artigo 20º.- Das reunións da xunta xeral e da súa convocatoria

1. As reunións da xunta xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

2. A xunta xeral ordinaria terá lugar, cando menos, unha vez cada seis meses, logo de convocatoria realizada por escrito polo/a secretario/a, por orde do/a patrón/patroa maior, dirixida a cada un/unha dos/as integrantes da xunta xeral, indicando lugar, data e hora nos que terá lugar a reunión en primeira e, de ser o caso, en segunda convocatoria, así como a orde do día. A convocatoria deberá remitirse cunha antelación mínima de cinco días á data prevista para a reunión.

3. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros cunha antelación mínima de corenta e oito horas.





A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Santiago, 30.11.2016

Asdo.: Isabel Fernández González

4. A xunta xeral extraordinaria terá lugar en calquera momento, cando o soliciten:

- o/a patrón/patroa maior,
- o cabido,
- unha cuarta parte (1/4) das persoas membro da xunta xeral,
- ou unha cuarta parte (1/4) das persoas membro da confraría.

A súa convocatoria deberá cursarse, xunto coa orde do día, con tempo suficiente para o coñecemento dos asuntos que se van tratar.

5. Se o Patrón Maior non convocase a reunión extraordinaria solicitada pola 1/4 cuarta parte dos membros da xunta xeral ou a cuarta parte das persoas membros da confraría, esta quedará automaticamente convocada aos 30 días seguintes, que será o primeiro día hábil posterior ao cumprimento do prazo.

O secretario notificará aos membros da xunta xeral con prazo mínimo de 48 horas antes do fin do prazo.

En ausencia do Patrón/a Maior, ou de quen legalmente o substitúa, a xunta xeral quedará validamente constituída sempre que concorran un terzo do número legal de membros, en cuxo caso será presidido polo membro da xunta xeral de maior idade dos presentes.

6. A ausencia de un ou varios membros da xunta xeral, unha vez iniciada a deliberación dun asunto, equivale a efectos da votación correspondente, á abstención.

Artigo 21º.- Deliberación e acordos da xunta xeral

1. O/a patrón/patroa maior preside a xunta xeral, polo que dirixe a discusión dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, concede e retira a palabra, declara cerrada a deliberación, e somete a votación as propostas. Así mesmo, moderará a extensión dos debates, respectando en todo caso dúas quendas a favor e outras dúas en contra das respectivas propostas.

2. As votacións para a adopción de acordos serán secretas, agás naqueles casos nos que a totalidade dos/as integrantes da xunta xeral acorden outro mecanismo.

3. Os acordos adoptaranse por maioría simple, agás nos seguintes casos:

- a) A decisión de alta ou baixa nunha federación ou outras asociacións, requirirá maioría absoluta.
- b) Petición da súa intervención administrativa pola consellería competente en materia de pesca requirirán maioría absoluta.
- c) As funcións recollidas no artigo 18º, apartados a) e j), requirirán do apoio dos dous terzos (2/3) das persoas membro da xunta xeral.
- d) A fusión e disolución da confraría requirirá o apoio das tres cuartas (3/4) partes das persoas membro da xunta xeral.

4. En caso de empate repetirase a votación e, de persistir este, decidirá o voto de calidade do/a patrón/patroa maior. Rematadas as votacións o/a patrón/patroa maior proclamará o resultado e os acordos que se adoptaron.

5. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure na orde do día, agás que estean presentes todos os membros da xunta xeral e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Artigo 22º.- Contido mínimo das actas da xunta xeral e do cabido

1. De cada sesión que realice a xunta xeral, o/a secretario/a levantará acta na que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo nas que se realizou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Santiago, ... 20 de ... 2016

Asdo.: Isabel Fernández González



2. Na acta figurará a solicitude dalgún dos membros da xunta xeral, o voto contrario ao acordo adoptado, as súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable.
3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas contado desde o momento no que o/a patrón/oa maior dea por finalizada a sesión, que se incorpora ao texto aprobado.
4. Cando os membros da xunta xeral voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, de ser o caso, se poida derivar dos acordos.
5. As actas apróbanse na mesma ou na seguinte sesión; no en tanto, o/a secretario/a poderá emitir certificado sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

Artigo 23º.- Da publicidade dos actos e acordos da xunta xeral

1. Para os efectos da súa divulgación, un extracto dos actos e acordos da xunta xeral será exposto no taboleiro de anuncios da confraría por un período de quince días desde a data da súa adopción.
2. O membro da confraría que acredite a titularidade dun interese lexítimo poderá dirixirse ao/á secretario/a da confraría para que lle sexa expedida certificación dos acordos.

Artigo 24º.- O cabido e a súa composición

1. O cabido é o órgano de goberno, xestión e administración da confraría.
2. A composición do cabido será, sempre que sexa posible, paritaria. Estará presidido polo/a patrón/patroa maior, e composto, ademais de polo/a secretario/a, por un número



par de vogais, segundo os criterios do apartado 3 do artigo 29 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións. Dous deses/as vogais serán obrigatoriamente os/as vicepatróns/vicepatroas maiores primeiro/a e segundo/a.

Artigo 25º.- Funcións do cabido



Son funcións do cabido:

- a) Dirixir e realizar as actividades necesarias para o exercicio das facultades atribuídas á confraría.
- b) Velar polo cumprimento dos acordos da xunta xeral.
- c) Velar polo normal funcionamento dos servizos da confraría.
- d) Elaborar e propoñerlle á xunta xeral o proxecto de orzamento, así como as súas modificacións, cando estas excedan do 10% do total.
- e) Executar o orzamento aplicando o plan de contabilidade das confrarías de pescadores de Galicia e proceder ás súas modificacións, sempre que o global destas non exceda do 10% do total, debendo dar cumprida conta de cada un destes acordos á xunta xeral.
- f) Acordar calquera actuación que non comprometa en máis dun 10% os fondos propios da confraría reflectidos nas contas anuais do exercicio inmediatamente anterior.
- g) Elaborar as contas anuais e a memoria anual relativa ás actividades da confraría, someténdoa á xunta xeral para a súa aprobación.
- h) Resolver as situacións de alta, mantemento e baixa dos/as seus/súas afiliados/as e, logo da instrución do oportuno expediente, acordar a separación deles/as por razóns disciplinarias.
- i) Elaborar e propoñerlle á xunta xeral o proxecto de estatutos, así como os regulamentos internos que procedan, e as súas modificacións.
- j) Propoñerlle á xunta xeral a cobertura de vacantes nos órganos de goberno.
- k) Todas as facultades non atribuídas expresamente aos demais órganos de goberno, as recollidas nos estatutos, e as que lle delegue á xunta xeral.

- l) Calquera outra que considere a confraría, dentro das competencias que lle poida outorgar a lexislación vixente.

Artigo 26º.- Da constitución do cabido

1. Para a válida constitución do cabido, aos efectos da adopción válida de acordos, requirirase na primeira convocatoria a presenza do/a patrón/patroa maior, o/a secretario/a ou de quen os substitúa, e de polo menos a metade dos seus integrantes.
2. O Cabido celebrarase en segunda convocatoria, debendo gardarse un mínimo de 30 minutos desde a primeira, , debendo asistir como mínimo un terzo (1/3) dos seus membros ademais /a patrón/a maior e o/a secretario/a para a súa válida constitución. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

Artigo 27º.- Das reunións do cabido e da súa convocatoria

1. As reunións do cabido poden ser ordinarias ou extraordinarias.
2. O cabido reunirase ordinariamente, cando menos, unha vez cada dous meses, logo de convocatoria realizada por escrito polo/a secretario/a, por orde do/a patrón/patroa maior, dirixida a cada un/unha dos/as integrantes dese órgano, indicando lugar, data e hora nos que terá lugar a reunión en primeira e de ser o caso en segunda convocatoria, así como a orde do día. A convocatoria deberá remitirse cunha antelación mínima de catro días á data prevista para a reunión.
3. As reunións extraordinarias realizaranse en calquera tempo cando o soliciten:
 - o/a patrón/patroa maior,
 - unha cuarta parte (1/4) das persoas membro do cabido,
 - unha cuarta parte (1/4) das persoas membro da confraría.



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.
Santiago, 30/11/2016.....

Asdo.: Isabel Fernández González

4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do cabido, e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

5. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros cunha antelación mínima de corenta e oito horas.

Artigo 28º.- Deliberación e acordos do cabido

1. O/a patrón/patroa maior preside o cabido, polo que dirixe a discusión dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, concede e retira a palabra, declara cerrada a deliberación, e somete a votación as propostas. Así mesmo, moderará a extensión dos debates, respectando en todo caso dúas quendas a favor e outras dúas en contra das respectivas propostas.

2. As votacións para adopción de acordos serán secretas, agás naqueles casos nos que a totalidade dos/as integrantes do cabido acorden outro mecanismo.

3. Os acordos adoptaranse por maioría simple, agás nos casos nos que estatutariamente se esixa unha maioría cualificada.

4. En caso de empate repetirase a votación na mesma sesión e, de persistir, decidirá o voto de calidade do/a patrón/patroa maior. Rematadas as votacións o/a patrón/patroa maior proclamará o resultado e os acordos que se adoptaron.

Artigo 29º.- Da publicidade dos actos e acordos do cabido

1. Os actos e acordos do cabido deberán ser expostos no taboleiro de anuncios da confraría por un período de quince días desde a data da súa adopción.

Artigo 30º.- Do/a patrón/patroa maior presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Santiago, 20/12/2016.....



A persoa que asina fai constar q.
presente fotocopia coincide
fidelmente co orixinal.
Santiago, 20/12/2016.....

Asdo. Isabel Fernández González



1. O/a patrón/patroa maior é o órgano unipersoal de representación da confraría. Preside a xunta xeral e o cabido, participando nas súas reunións con voz e voto, que será de calidade para o caso de empate.
2. O desempeño do cargo de patrón/patroa maior é incompatible con calquera outro cargo nos órganos directivos das agrupacións sectoriais, así como co de secretario/a da confraría.
3. O patrón/patroa maior será elixido pola xunta xeral de entre os/as seus membros.
4. Se durante o desenvolvemento do seu mandato o/a patrón/patroa maior cambia a súa condición pasando de traballador/a a empresario/a ou viceversa, coa conseguinte integración nun colectivo distinto ao que pertencía cando fora elixido/a como persoa membro da xunta xeral, deberá ser ratificado por esta no seu cargo. De producirse esta circunstancia a orde de precedencia dos/as vicepatróns/vicepatroas maiores verase alterada.

Artigo 31º.- Das funcións do/a patrón/patroa maior

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) A dirección e xestión da confraría.
- b) Presidir e dirixir as reunións dos órganos reitores da confraría, e someter as propostas a votacións.
- c) Coordinar a actuación das persoas membros do cabido, e demais órganos da confraría.
- d) Representar legalmente á confraría e ser a canle de relación desta con calquera outra entidade ou institución.
- e) Colaborar coas federacións nas que se integre a confraría.
- f) Ordenar os pagamentos previstos nos orzamentos.
- g) Velar polo cumprimento da legalidade.
- h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas polos estatutos e demais órganos reitores da confraría e que non sexan consideradas como indelegables.



- i) Calquera outra que considere a confraría, dentro das competencias que lle poida outorgar a lexislación vixente.

Artigo 32.- Do cesamento do patrón/patroa maior.

O cesamento do patrón/patroa maior poderase producir por acordo do pleno da Xunta Xeral adoptado antes da expiración do mandato, consonte ao seguinte procedemento:

- a) Presentarase escrito razoado no que se fundamenten os motivos da solicitude, que deberán de ser distintos aos determinados no artigo 80 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, e subscrito, alomenos, por un terzo (1/3) dos membros da xunta xeral.
- b) O Cabido _no prazo máximo de trinta días, contados desde o seguinte da presentación do escrito reunirse en sesión extraordinaria para examinar a regularidade da petición e se a atopase conforme co previsto no apartado anterior, acordará a convocatoria do pleno da Xunta Xeral cunha antelación mínima de oito días á data da reunión.
- c) A reunión do pleno da Xunta Xeral, terá lugar no prazo máximo de 15 días, contados a partir do día seguinte da celebración da reunión extraordinaria do cabido. Será presidida polo vicepatrón primeiro.
- d) A reunión terá lugar sen solución de continuidade. A votación será nominal. O/A Patrón/a Maior, por si ou por medio dun representante, poderá asistir á reunión do pleno e participar nela, con voz pero sen voto.
- e) Para prosperar a moción de censura requírese a súa aprobación por maioría absoluta, producíndose o cese do/a Patrón Maior neste suposto.
- f) Se a votación non acadara a maioría suficiente, non poderá presentarse nova solicitude antes de transcorrer un ano.



Artigo 33º.- Dos/as vicepatróns/vicepatroas maiores

1. Os/as vicepatróns/vicepatroas maiores elíxense de entre as persoas membro da xunta xeral, un/unha polo colectivo de traballadores/as e outro/a polo colectivo de empresarios/as.

2. Será Vicepatrón/Vicepatroa maior primeiro/a a persoa que pertenza a un colectivo distinto ao de procedencia do/a patrón/patroa maior, e Vicepatrón/Vicepatroa maior segundo/a a persoa que corresponda ao mesmo colectivo de procedencia do patrón/patroa maior.

3. Os vicepatróns/vicepatroas maiores, en función da súa orde de precedencia, substitúen ao/á patrón/patroa maior nos casos de vacante en tanto non se proceda a unha nova elección, que terá lugar no prazo máximo de tres meses, ausencia ou enfermidade.

Artigo 34º.- Da comisión xestora

1. No suposto da dimisión da maioría das persoas membro da xunta xeral, entenderanse disoltos os órganos de goberno da confraría, debendo o/a seu/súa secretario/a comunicar tal circunstancia, no prazo máximo de cinco días naturais, á Administración competente.

2. Neste caso, a consellería competente en materia de pesca designará unha comisión xestora entre os membros da confraría, composta de cinco membros, dos que un/unha será o/a traballador/a de maior idade da confraría, outro/a o/a empresario/a de maior idade da confraría, un/unha terceiro/a que será a persoa membro de menor idade da confraría, e outros/as dous/dúas por proposta da súa federación provincial, un/unha por parte dos/as traballadores/as, e outra pola parte dos/das empresarios/as. En ningún caso poderán formar parte desta comisión xestora as persoas membros dos órganos de goberno disoltos.



3. Esta comisión xestora constituirase no prazo máximo de quince días hábiles, contados desde que a consellería teña coñecemento da dimisión da maioría das persoas membro da xunta xeral.

4. As persoas membro desta comisión elixirán de entre eles un/unha presidente/a e un/unha secretario/a.

Artigo 35º.- Das funcións da comisión xestora

Son funcións desta comisión xestora:

- a) A convocatoria de eleccións anticipadas nun prazo máximo de dez días desde a súa constitución, agás para o caso de que faltasen seis meses ou menos para a convocatoria unificada do proceso electoral das confrarías de pescadores.
- b) Adoptar as decisións ordinarias necesarias para o normal funcionamento da confraría ata a toma de posesión dos novos órganos de goberno.

2. O mandato dos órganos reitores resultantes da convocatoria de eleccións efectuadas por esta comisión xestora finalizará na data de toma de posesión dos órganos reitores resultantes da convocatoria unificada do proceso electoral das confrarías.

Artigo 36º.- Da imposibilidade de constitución da comisión xestora

Se non existe posibilidade de constituírse a comisión xestora nos termos previstos no artigo 33, a federación provincial, co asesoramento da consellería competente en materia de pesca, designará, no prazo máximo de dez días hábiles, un órgano provisional de goberno que terá como funcións as descritas no artigo 35.



Artigo 37º.- Das Sección.

1. Cando a Confraría pretenda levar a cabo actividades de organización e comercialización da produción, estruturarase en dúas Seccións que se denominarán de "orientación", que existirá en todo caso, e de "organización da produción" que se constituirá por acordo da maioría absoluta dos membros da xunta xeral e que será obxecto de inscrición no Rexistro de Confrarías e das súas Federacións.

2. Á Sección de orientación correspóndenlle as funcións recollidas no artigo 4.1 deste estatuto.

3. Á Sección de organización da produción correspóndenlle as funcións recollidas no artigo 4.2, agás os apartados a), b, c) e l), deste estatuto, como tamén a de adoptar as medidas oportunas para garantir o exercicio racional da pesca e as condicións de venda da produción.

4. A Sección de organización da produción contará con órganos diferenciados e establecerá as súas propias normas de funcionamento sen prexuízo de someterse ás recollidas con carácter xeral por este estatuto.

5. A xestión das seccións que se constitúan corresponde o/a secretario/a da confraría, regulado no artigo 41 dos Estatutos.

Sección 2ª Perda da condición de persoa membro de órgano reitor

Artigo 38º.- Da perda da condición de persoa membro dos órganos reitores da confraría

1. Perderase a condición de persoa membro dun órgano reitor da confraría, e de membro nato da xunta directiva dunha agrupación sectorial, ademais dos supostos contemplados nos seus estatutos ou regulamentos internos, nos seguintes:

- a) Morte ou incapacidade da persoa física, ou extinción da persoa xurídica.



- b) Por dimisión ou renuncia, que serán dirixidas por escrito ao/á patrón/patroa maior da confraría ou ao/á presidente/a da xunta directiva da agrupación sectorial.
- c) Cando deixen de concorrer algúns dos requisitos necesarios para ser elixidos/as. As causas de inelixibilidade para ser persoas membros dos órganos, tamén o son de incompatibilidade e, producida esta, decaerán na súa condición.
- d) Por non tomar posesión no prazo regulamentario, agás causa xustificada.
- e) Por falta de asistencia ás sesións dos órganos reitores durante tres veces consecutivas no curso dun ano, agás xustificación axeitada.

2. A baixa será acordada pola xunta xeral da confraría, unha vez cumprido co trámite e audiencia nos casos c), d) e e), e será comunicada á consellería competente en materia de pesca, para a súa inscrición no Rexistro de confrarías e das súas federacións.

3. No caso de vogais da xunta xeral que sexan membros natos/as da xunta directiva de agrupación sectorial, perderán a súa condición de persoa membro nato/a cando perdan a condición de vogal da xunta xeral.

4. Os membros natos da xunta directiva de agrupación sectorial que perdan a súa condición polas causas previstas no apartado 1 deste artigo, perderán tamén a súa condición de vogal na xunta xeral.

Artigo 39º.- Da provisión de vacantes nos órganos reitores das confrarías

1. As baixas definitivas producidas entre as persoas membro dos órganos reitores da confraría cubriranse nun prazo máximo de tres meses, do seguinte xeito:

- a) Na xunta xeral, pola persoa do mesmo colectivo, e sector de produción, que lle corresponda en función do maior número de votos obtidos no último proceso electoral, que serán membros natos da xunta directiva da agrupación sectorial, ou mediante a convocatoria de eleccións parciais para o caso de que non houbera unha listaxe de suplentes formada polos/as candidatos/as votados/as non electos/as.



- b) No cabido, mediante designación efectuada polo colectivo de empresarios/as ou traballadores/as que corresponda, de entre os/as seus/súas representantes na xunta xeral.
- c) No caso do/a patrón/patroa maior, será elixido/a pola xunta xeral segundo se dispón no artigo 30º destes estatutos, que será convocada para o efecto.
- d) Polo que respecta aos/ás vicepatróns/vicepatroas maiores, actuarase de acordo co disposto no artigo 33º.

Sección 3ª Do persoal

Artigo 40 º.- Do persoal laboral da confraría

1. A confraría, para o cumprimento dos seus fins, e o exercicio das funcións que teñen encomendadas, poderán contratar persoal laboral, que estará suxeito á autoridade dos órganos competentes en cada caso, e desempeñará as funcións que para cada posto regule a xunta xeral.
2. Para a selección do persoal laboral, as confrarías deberán publicar no seu taboleiro de anuncios, durante o prazo mínimo de sete días hábiles, a oferta de emprego, especificando os requisitos que deberán reunir as persoas candidatas.
3. Este persoal rexerase polo disposto no convenio colectivo que lles sexa de aplicación.

Artigo 41º.- Do/a secretario/a da confraría

1. As confrarías contarán cun/cunha secretario/a, que poderá ser unha persoa ao servizo da confraría e exercerá, baixo a dirección dos órganos reitores da confraría as funcións de asistencia, coordinación xeral técnica e administrativa; tamén dirixirá e xestionará os servizos comúns e o persoal da confraría que estean baixo a súa dependencia.
2. O nomeamento ou destitución da persoa que ocupe o posto de secretario/a da confraría corresponderá á xunta xeral da confraría.



Artigo 42º.- Do procedemento de provisión do/a secretario/a da confraría

1. Iniciarase mediante convocatoria pública.

2. O/a aspirante deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) ser maior de idade,
- b) non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas,
- c) a titulación mínima requirida será a FP2, Diplomatura, licenciatura/ Grado ou equivalente.

Artigo 43º.- Das funcións do/a secretario/a da confraría

1. O/a secretario/a da confraría responsabilizarase das seguintes funcións:

- a) Asesoramento normativo aos órganos reitores, advertíndolles dos seus incumprimentos, e deixando constancia en acta das advertencias realizadas en tal sentido.
- b) Control da xestión económico e financeira, orzamentaria e contable, así como da tesourería e recadación.
- c) Dirección do persoal ao servizo da confraría, sempre que estas funcións nos as realice o/a secretario/a funcionario/a.
- d) Custodia da documentación, e levanza do inventario de bens da entidade.
- e) Actuará como secretario/a na xunta xeral e no cabido.
- f) Calquera outra función que lle atribúan os estatutos e a normativa vixente.

2. O/a secretario/a da confraría será substituído/a no caso de enfermidade, ausencia ou vacante, pola persoa habilitada polo cabido, comunicando esta decisión á xunta xeral na primeira reunión que se realice.



CAPÍTULO VI DAS AGRUPACIÓNS SECTORIAIS



Artigo 44º.- Constitución

1. En cada confraría poderán constituírse agrupacións sectoriais como órganos de xestión dos sectores de produción, que agrupan os/as empresarios/as e/ou traballadores/as que sexan titulares dunha habilitación para o exercicio da actividade extractiva de recursos mariños.

2. Constituída unha agrupación sectorial, integranse nela a totalidade das persoas membro da confraría dese sector de produción que sexan empresarios/as ou traballadores/as, titulares dunha habilitación para o exercicio da actividade extractiva de recursos mariños vivos.

3. As agrupacións sectoriais, como órganos de xestión dos sectores de produción, terán como obxectivos: a mellora da produción mediante a planificación da explotación dos recursos mariños a través da elaboración dos plans de xestión; a mellora da comercialización dos produtos pesqueiros e mellora das condicións para o exercicio da profesión. Ademais, correspóndenlles a organización das actividades necesarias para o desenvolvemento dos plans de xestión, así como a representación, defensa e promoción dos intereses socioeconómicos dos seus membros, sen prexuízo da competencia atribuída legal ou estatutariamente aos órganos de goberno das confrarías.

Artigo 45º.- Procedemento de constitución

1. A constitución dunha agrupación sectorial require o voto favorable dos dous terzos ($\frac{2}{3}$) das persoas membro do sector asistentes á xuntanza de constitución sempre que representen máis da metade das persoas membro do sector que se dedican á actividade específica.

2. O acordo, deberá ser elevado á xunta xeral da confraría para a súa ratificación, que deberá de pronunciarse no prazo máximo de tres meses dende que o acordo fora presentado.

3. A consellería competente en materia de pesca ratificará a constitución da agrupación sectorial, inscribíndoa no Rexistro de confrarías e das súas federacións.

Artigo 46º.- Dos órganos reitores

1. Son órganos reitores das agrupacións: a asemblea xeral, a xunta directiva e o/a presidente/a.

- a) A asemblea xeral estará constituída pola totalidade das persoas membro da agrupación.
- b) A xunta directiva estará constituída polo/a presidente/a e un número de tres ou cinco vogais, elixidos/as entre os/as integrantes da asemblea xeral. Para as agrupacións formadas por menos de 30 membros, a xunta directiva estará integrada por tres vogais; e nas agrupacións formadas por 30 ou máis membros, a xunta directiva terá cinco vogais.

2. A asemblea xeral e a xunta directiva estarán presididas polo/a presidente/a e o seu voto será dirimente para o caso de empate.

3. As vogalías da xunta directiva poderán ser de carácter nato e por elección. As vogalías de carácter nato corresponderán aos/ás vogais da xunta xeral da confraría que representen ao sector de produción sobre o que se constituíu a agrupación sectorial. As vogalías vacantes, de existir, elixiranse pola asemblea xeral de entre as súas persoas membro.

4. O/a presidente/a da agrupación será o/a vogal nato máis votado nas eleccións a vogal da xunta xeral da confraría polo sector de produción sobre o que se constituíu a agrupación sectorial, agás no caso que coincida co cargo de patrón/patroa maior, ou

cando o posto quede vacante; nestes supostos, o/a presidente/a será o/a seguinte vogal nato/a máis votado/a.

5. De existir un número de vogais natos/as elixidos/as para a xunta xeral sen posto na xunta directiva da agrupación, pasarán a formar parte da lista de suplentes, e cubrirán as vacantes que se produzan por orde do número de votos recibidos.

Artigo 47º.- Normas de aplicación

1. As agrupacións sectoriais rexeranse polo disposto no Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, por estes estatutos, e polo seu regulamento de réxime interior. En todo caso, a súa actuación estará suxeita aos principios de observancia da legalidade e democracia na súa estrutura interna e funcionamento.

2. O réxime interno de funcionamento de cada agrupación sectorial virá determinado polo seu regulamento, que deberá conter como mínimo:

- a) Órganos de goberno.
- b) Dereitos e deberes dos/das seus/súas integrantes.
- c) Réxime económico.
- e) Procedemento para a elección das persoas membro non natos da xunta directiva.
- f) Réxime disciplinario.
- g) Causas de disolución.

CAPÍTULO VII

DO RÉXIME ORZAMENTARIO, ECONÓMICO E CONTABLE

Artigo 48º.- Patrimonio da confraría

1. O patrimonio da confraría estará integrado por:

- a) Os bens e dereitos que na actualidade posúe e os que adquira no sucesivo por calquera título.



- b) As doazóns e legados.
- c) As accións ou títulos representativos do capital de empresas públicas ou privadas, e as obrigas ou títulos análogos dos que a confraría sexa titular.
- d) Os dereitos de propiedade incorporal que poida posuír.

2. A titularidade do patrimonio inmovible quedará debidamente reflectida no Rexistro da Propiedade, a través da correspondente inscrición que se instará obrigatoriamente, e baixo a responsabilidade do órgano de goberno competente.

3. O inventario dos bens e dereitos propiedade da confraría, clasificados e valorados economicamente, será actualizado cada ano e aprobado polo cabido, dándose coñecemento deste ao pleno da xunta xeral, e traslado á consellería competente en materia de pesca para a súa inscrición no Rexistro de confrarías e das súas federacións.

4. O patrimonio é indivisible e está ao servizo común de todas as persoas membro da confraría.

Artigo 49º.- Recursos económicos



1. A confraría disporá dos seguintes recursos económicos:

- a) As cotas ordinarias e extraordinarias que deben satisfacer os seus membros.
- b) Os dereitos e exencións que lle sexan legalmente establecidos.
- c) Os produtos e rendas do seu patrimonio.
- d) As doazóns, legados e achegas que reciba.
- e) As contías percibidas en concepto de sancións impostas polas confrarías aos/ás seus/súas afiliados/as.
- f) Os ingresos procedentes da prestación de servizos pola confraría.
- g) As subvencións e demais consignacións orzamentarias que reciban con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Estado.
- h) Os retornos.
- i) Calquera outro recurso obtido, de conformidade coas disposicións legais e preceptos estatutarios.

2. Para os efectos previstos na letra h), no caso de que a confraría realice actividades de venda, ben directamente, a través dunha organización de produción ou calquera outra entidade que realice esta función, está obrigada a descontar da factura de venda respecto das capturas das embarcacións que non pertencan a ela, a cantidade do 1% (un por cento) máis o iva correspondente do valor da pesca vendida, e retornalo á confraría á que pertenza a embarcación, sen prexuízo da tarifa X4 de pesca fresca. Os retornos serán aboados trimestralmente.

Artigo 50 º.- Cotas extraordinarias

1. Por acordo da xunta xeral poderanse establecer cotas extraordinarias para a realización de actividades encamiñadas á consecución de obxectivos especiais e concretos. Poderán establecerse baixo algunha das seguintes formas:

- a) Exacción directa ás persoas membro individuais da confraría.
- b) Participación fixa ou alícuota nas cotas recadadas polas agrupacións constituídas dentro da confraría.

As cotas pódense establecer como un só pagamento, por entregas periódicas durante un tempo determinado, ou por un tempo indefinido, segundo a índole das necesidades a cubrir.

2. O establecemento das cotas extraordinarias deberá ser proporcional ao investimento ou gasto que se vai realizar, tendo que xustificarse debidamente o sector ou sectores de produción afectados, a transcendencia dos fins perseguidos e a insuficiencia dos medios orzamentarios dispoñibles.

3. Esta xustificación requirirá dunha memoria que deberá ter, como mínimo, o contido detallado no apartado 3 do artigo 54 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.



Artigo 51º.- Do orzamento e da súa elaboración

1. A confraría desenvolverá a súa xestión económica a través dun orzamento único de ingresos e gastos, de acordo co establecido pola consellería competente en materia de facenda, e que estruturará, de ser o caso, de acordo coas seccións na que estea organizada.

2. O orzamento constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poidan recoñecer, e dos dereitos que se prevexan liquidar durante o exercicio económico. O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural.

3. O proxecto de orzamento será aprobado pola xunta xeral, por proposta do cabido, antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse. Unha vez aprobado en xunta xeral, será exposto durante vinte días no taboleiro de anuncios da confraría, para coñecemento dos membros.

Antes de que remate o prazo de exposición pública, remitirán unha copia do orzamento á consellería competente en materia de pesca.

4. Se o orzamento non fose aprobado antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, quedará automaticamente prorrogado o do exercicio anterior.



Artigo 52º.- Do réxime contable

1. As confrarías de pescadores levarán un plan contable único, aprobado pola consellería competente en materia de facenda, sen prexuízo do cumprimento do Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, e do Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, do Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas. Tamén é aplicable, coas súas peculiaridades propias, o disposto no título V, capítulo II, do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

2. No plan contable reflectirase o movemento de ingresos e gastos, de forma separada, para cada unha das seccións nas que se estruturen, así como todas aquelas modificacións que se produzan a nivel patrimonial. Anualmente confeccionarase o correspondente balance, no que se reflectirá a súa situación patrimonial, económica e financeira.

3. As operacións contables das agrupacións sectoriais estarán diferenciadas dentro da contabilidade única da confraría, de xeito que se rexistrarán contablemente en contas diferenciadas as operacións de cada agrupación sectorial.

4. A Xunta de Galicia, a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, poderá exercer o control financeiro necesario sobre os gastos efectuados para a xestión das funcións descritas no parágrafo 2 do artigo 3 da Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia.

5. En todo caso, a xestión económica, financeira, e as contas da confraría, estarán sometidas ao control do Consello de Contas, nos termos previstos na Lei 6/1985, do 24 de xullo, reguladora de dito órgano, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 53.- Procedemento interno de control da xestión orzamentaria e contable.

1 Os procedementos internos de control da xestión contable e orzamentaria da confraría serán implantados pola Xunta Xeral e executados polo Cabido e o Secretario da confraría, e contemplará como mínimo a aplicación dos seguintes procedementos:

- a) A disposición de fondos da confraría deberá quedar definida no libro de actas da entidade, onde se especificarán as persoas autorizadas e as sinaturas necesarias para a execución dos pagos e para a retirada do efectivo. En todo caso, deberá



existir como mínimo dobre sinatura para realizar os pagamentos, tanto por transferencia bancaria como por caixa, como para a emisión de cheques.

- b) As operacións contables das confrarías rexistraránse conforme ó establecido no réxime contable do presente estatuto ó devengo das operacións.
- c) A confraría deberá, na medida do posible, aplicar unha segregación de funcións entre o persoal da entidade, de forma que as actividades de facturación, contables e de tesourería, recaian sobre persoas distintas.
- d) Antes de proceder a realizar a compra dun ben ou servizo, cando éste supere os 3.000 €, deberán solicitarse varias ofertas comparativas.
- e) As compras de bens e servizos deberán estar debidamente asinadas polo patrón maior. Cando, polo seu importe (máis de 6.000 €) ou pola natureza do gasto, deberá ser autorizado por acordo do cabido ou xunta xeral.
- f) Os cobros e pagos que se vaian realizar en efectivo, deberán rexistrarse no correspondente libro de caixa, coa obriga de realizar arqueos periódicos.
- g) Se da operativa comercial da confraría se derivan existencias, tales como caixas, carnada, a confraría rexistrará todas as entradas e saídas a través dun inventario permanente.

2 Non obstante, a confraría poderá aplicar calquera outro procedemento de control interno da xestión contable e orzamentaria que considere necesaria para salvaguardar os recursos e activos da entidade, a fiabilidade da información contable, financeira e orzamentaria, o cumprimento de leis e normas, a prevención de erros e de irregularidades, e a eficacia e eficiencia das operacións.

Artigo 54º.- Da documentación contable e da obriga de legalización

1. A confraría levará en orde e ao día, conforme ao disposto na normativa mercantil, de ser o caso, o libro de inventarios e balance, e o libro diario, así como calquera outro libro que veña esixido por esta e outras disposicións legais.

2. Os libros que legal e obrigatoriamente levará a confraría, con carácter previo á súa utilización serán dilixenciados e legalizados polo rexistro mercantil, de ser o caso,



cando así o dispoña a normativa aplicable, se a confraría realiza actividades económicas. No caso de que a confraría realice soamente actividade social, os libros serán dilixenciados polo/a secretario/a da confraría.

3. Non obstante o anterior, será válida a realización de asentamentos e anotacións por calquera procedemento idóneo, sobre follas que despois serán encadernadas correlativamente para formar os libros obrigatorios, que serán presentados, de ser o caso, no rexistro mercantil para a súa legalización antes de que transcorran os catro meses seguintes á data do peche do exercicio.

4. Os libros e demais documentos da confraría estarán baixo a custodia, vixilancia e responsabilidade do/a secretario/a.

Artigo 55º.- Das contas anuais

1. As contas anuais da confraría comprenderán o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria, debendo ser formuladas polo cabido e aprobadas pola xunta xeral, dentro do primeiro semestre do ano seguinte a aquel ao que correspondan.

Coa presentación das contas anuais, que deberán ser asinadas en todas súas follas polos membros do cabido, deberá achegarse certificación do acordo de aprobación destas pola xunta xeral, coas sinaturas do/a patrón/patroa maior e do/a secretario/a.

2. Garantírase a exposición pública do proxecto de contas no taboleiro de anuncios da confraría por un período mínimo de quince días. Durante este prazo todos os membros da xunta xeral poderán consultar a documentación soporte das operacións contables.

3. Aprobadas as contas anuais pola xunta xeral, convocarase a todos os membros da confraría no prazo máximo dun mes a unha asemblea informativa, baixo a presidencia e dirección do/a patrón/patroa maior, na que se dará conta do exercicio económico do ano anterior, do orzamento, das actuacións levadas a cabo, e dos proxectos que se van desenvolver, así como de todas aquelas cuestións de transcendencia para a confraría.



4. Aprobadas as contas anuais, non se autorizará a consulta da documentación soporte delas, sen prexuízo de que poderán ser requiridas pola Administración en calquera momento.

5. A confraría está obrigada a presentar as contas anuais ao Consello de Contas e á consellería competente en materia de pesca, xunto cunha certificación acreditativa do cumprimento das obrigas establecidas neste artigo, para o seu depósito no Rexistro de confrarías e das súas federacións, dentro do prazo dun mes contado dende a súa aprobación pola xunta xeral. A confraría depositará as súas contas no rexistro mercantil, cando así o dispoña a normativa aplicable.

6. O inventario de bens e dereitos propiedade da confraría, debidamente clasificados e valorados economicamente, será actualizado cada ano a aprobado polo cabido, dándosele coñecemento ao pleno da xunta xeral, e traslado do mesmo á consellería competente en materia de pesca para súa inscrición no Rexistro de confrarías.

7. Este inventario deberá ser achegado á consellería competente en materia de pesca coas contas anuais.

8. Nos supostos de disolución e liquidación da confraría, os/as liquidadores/as estarán obrigados a presentar no Rexistro de confrarías e das súas federacións a conta xeral de liquidación, e proposta de repartición do patrimonio da confraría en liquidación.

Artigo 56º.- Obriga de conservación das contas anuais

As contas anuais e documentos complementarios depositados no Rexistro de confrarías e das súas federacións deberanse conservar por un período mínimo de seis anos dende a data da práctica do asentado.



Artigo 57º.- Das exencións e beneficios fiscais

A confraría gozará, para o cumprimento dos seus fins, das exencións e beneficios fiscais que en cada momento se lle recoñezan.

Artigo 58º.- Da responsabilidade

1. O/a patrón/patroa maior e as persoas membros do cabido, como administradores/as ou xestores/as da confraría, responderán perante ela, fronte aos membros e acredores/as da confraría, do dano que causen por actos contrarios á lei, a estes estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo.

2. Responderán solidariamente todos/as persoas membro dos órganos reitores que realizaron o acto, ou adoptaron o acordo lesivo. Cando as persoas membro do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos/as da responsabilidade que poida derivarse dos acordos.

3. En ningún caso exonerará da responsabilidade a circunstancia de que o acto ou acordo lesivo fora autorizado, ou ratificado, pola xunta xeral da confraría.

Artigo 59º.- Da acción de responsabilidade

1. A acción de responsabilidade contra os/as administradores/as ou xestores/as será exercida pola confraría, logo de acordo da xunta xeral.

2. A aprobación das contas anuais non impedirá o exercicio da acción de responsabilidade, nin a renuncia á acción acordada ou exercida.



CAPÍTULO VIII

DA FUSIÓN E DISOLUCIÓN DA CONFRARÍA

Artigo 60º.- Da fusión da confraría

1. O acordo de fusión de confrarías requirirá o voto favorable das tres cuartas partes ($\frac{3}{4}$) dos membros das xuntas xerais respectivas. O acordo deberá ser aprobado pola consellería competente en materia de pesca.
2. A fusión terá as consecuencias recollidas no apartado 2 do artigo 64 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.
3. Aprobada a fusión, cesarán todas as persoas membro das respectivas xuntas xerais, constituíndose unha comisión xestora designada pola persoa titular da consellería competente en materia de pesca, e integrada por igual número de vogais das confrarías fusionadas, a proposta destas. Esta comisión xestora terá encomendadas as funcións descritas no artigo 39 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.

Artigo 61º.- Da disolución da confraría

1. A disolución da confraría producirase polo acordo favorable das tres cuartas partes ($\frac{3}{4}$) das persoas membro da xunta xeral da confraría. Este acordo deberá ser aprobado pola consellería competente en materia de pesca.
2. A disolución terá as consecuencias recollidas no apartado 2 do artigo 65 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, e as demais que lle sexa de aplicación.



3. O destino dos bens e dereitos virá determinado no Decreto que aprobe a disolución, que deberá ser, en primeiro termo, unha entidade sen ánimo de lucro e vinculada ó sector pesqueiro, preferentemente unha confraría limítrofe ou a federación provincial do ámbito territorial onde se atopaba a confraría disolvida.

CAPÍTULO IX

DO PROCESO ELECTORAL

Sección 1ª Normas electorais xerais

Artigo 62º.- Réxime xurídico

As eleccións para a constitución ou renovación dos órganos da confraría e as súas agrupacións sectoriais rexeranse polo que estableza o Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, polas disposicións que o desenvolvan, así como polo que establezan estes estatutos ou regulamentos internos e, con carácter supletorio, polas normas vixentes sobre o réxime electoral xeral.

Artigo 63º.- Duración do mandato electoral

1. A duración do mandato dos órganos reitores da confraría será de catro anos, podendo ser reelixidos por períodos de igual duración.

2. O prazo de catro anos empezará a contar desde o día seguinte ao da toma de posesión dos/as vogais da xunta xeral da confraría.

Artigo 64º.- Eleccións anticipadas

1. Poderanse celebrar eleccións anticipadas para a renovación dos órganos de goberno da confraría nos seguintes supostos:

a) Por dimisión da maioría das persoas membro da xunta xeral.



b) Por acordo dos dous terzos ($\frac{2}{3}$) dos membros da xunta xeral.

c) Por petición por escrito asinada polos dous terzos ($\frac{2}{3}$) das persoas membro da confraría.

Para o caso previsto no apartado a) seguirase o procedemento específico regulado no artigo 38 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.

2. Non se poderán celebrar eleccións anticipadas no caso de que faltasen seis meses, ou menos, para a convocatoria unificada do proceso electoral das confrarías de pescadores.

3. En todos os casos de celebración de eleccións anticipadas, o mandato dos órganos reitores resultantes desa convocatoria finalizará na data de toma de posesión das persoas membro da xunta xeral resultante da convocatoria realizada conforme ao apartado 1 do artigo 92 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.

Artigo 65º.- Convocatoria de eleccións anticipadas

1. No caso dos supostos b) e c) enunciados no artigo anterior, a xunta xeral deberá adoptar o acordo ao respecto no prazo máximo de sete días desde a presentación do escrito asinado polas persoas membro da confraría, ou nunha mesma xuntanza onde os dous terzos ($\frac{2}{3}$) dos integrantes da xunta xeral acorden anticipar as eleccións.

2. De non cumprirse os requisitos establecidos no artigo 61, non poden acumularse novas sinaturas á solicitude efectuada e resolta pola xunta xeral, polo que se requirirá unha nova solicitude asinada polos membros correspondentes.

3. Durante o desenvolvemento do proceso electoral de eleccións anticipadas, os órganos reitores e directivas de agrupacións permanecerán en funcións, realizando unicamente os actos de mero trámite ou de xestión ordinaria, concluíndo o seu mandato coa toma de posesión dos membros electos.



Artigo 66º.- Convocatoria ordinaria

1. Con anterioridade ao remate do mandato dos órganos reitores, a consellería competente en materia de pesca convocará eleccións para todas as confrarías de pescadores de Galicia e as súas agrupacións sectoriais, así como para as federacións provinciais e para a Federación Galega de Confrarías de Pescadores. A publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* determina o inicio do proceso electoral.

2. Durante o desenvolvemento do proceso electoral, os órganos reitores e as directivas das agrupacións sectoriais estarán en funcións, podendo realizar unicamente actos de mero trámite ou de xestión ordinaria, concluíndo os seus mandatos coa toma de posesión dos vocais electos.

Artigo 67º.- Electores/as

1. Poderán ser electores/as e incluírse no censo electoral as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser membro da confraría.
- b) Non estar inhabilitado/a para o exercicio do sufraxio activo por norma legal, estatutaria ou resolución firme de órgano competente.
- c) Ser maior de idade o día en que se celebren as votacións.

2. Para os efectos dos procesos electorais, aquela persoa afiliada que durante o mandato electoral desenvolvera a súa actividade en máis dun sector de produción, entenderase que pertence ao sector no que permaneceu máis tempo no ano anterior ás eleccións, agás que solicite por escrito a súa inclusión noutro sector dos que formou parte.



Artigo 68º.- Dereitos dos/as electores/as

- a) Presentar a súa candidatura, cando concorran as circunstancias esixidas para ser elixible.
- b) Intervir nas actividades de propaganda para as que estean legalmente habilitados.
- c) Interpoñer reclamacións e formular recursos de acordo co establecido neste decreto.

Artigo 69º.- Elixibles

1. Poderán ser elixibles as persoas que, ademais de reunir a condición de elector, cumpran os seguintes requisitos:

- a) Acreditar dous anos de antigüidade na confraría, estando ao día das obrigas económicas con esta e coa agrupación sectorial, de ser o caso. Non obstante, o requisito da antigüidade non se esixirá cando o número de candidatos non sexa suficiente para cubrir as prazas de vogais da xunta xeral.
- b) Non estar inhabilitado/a para o exercicio de cargo representativo por norma legal, estatutaria ou resolución firme de órgano competente.

2. Así mesmo, son inelixibles:

- a) Os/as que carezan de título administrativo habilitante para o exercicio da actividade.
- b) Os/as que estean en situación de xubilación, agás as situación de xubilación parcial ou xubilación flexible.
- c) Os/as que estean en situación de incapacidade permanente absoluta e grande invalidez.
- d) Os/as que teñan sido condenados/as por sentenza xudicial firme por delitos contra a saúde pública, contra o medio ambiente ou tenencia ilícita de explosivos, e por falsidade documental relacionada coa actividade pesqueira.

3. A cualificación de inelixible procederá, respecto dos/as que incorran nalgunha das causas que motiven esta condición, o mesmo día da presentación de candidatura ou en calquera momento posterior ata a data de finalización do proceso electoral.



4. Para os efectos de votación e presentación de candidaturas, cada parte armadora terá un voto, con independencia do número de membros asociados e embarcacións en propiedade.

Os/as integrantes de persoas xurídicas ou de comunidades de bens poderán presentar candidatura, ou exercerán o voto polo colectivo e sector da produción no que se atopen censados, seguindo os criterios establecidos no artigo 5 destes estatutos.

5. Os membros dos órganos reitores que dimitan poderán presentarse a un novo proceso electoral como candidatos/as una vez finalizado o mandato no que tivo lugar dita dimisión.

Artigo 70º.- Dereitos dos/as elixibles

- a) Realizar actividades de propaganda autorizadas, de conformidade co principio de igualdade de oportunidades.
- b) Exercitar as demais facultades que, en relación co proceso electoral, lles correspondan, recoñezan estes estatutos, ou as normas regulamentarias aplicables ao caso.

Artigo 71º.- Censo electoral

O/a secretario/a da confraría facilitará ao cabido o censo electoral provisional que se corresponderá co último censo de afiliados que figure no Rexistro de confrarías e das súas federacións. O censo electoral estará ordenado alfabeticamente por apelidos en listas separadas por colectivo de traballadores/as e de empresarios/as, con identificación de cada un dos sectores de produción existentes en cada colectivo.

Artigo 72º.- Sistema electoral

- 1. As candidaturas para vogal da xunta xeral responderán ao sistema de listas abertas, e son individuais a efectos de votación e escrutinio, aínda que poden agruparse en listas para os efectos da súa presentación e campaña electoral.



O escrito de presentación de cada candidato/a deberá expresar claramente o sector de produción do colectivo de traballadores/as ou empresarios/as, e a agrupación sectorial de pertenza, de ser o caso, con indicación do seu nome, apelidos e documento nacional de identidade. O escrito incluírá una declaración responsable do cumprimento das condicións de elixibilidade.

2. Para os efectos de votación e presentación de candidaturas, cada parte armadora terá un voto, con independencia do número de membros asociados e embarcacións en propiedade.

Os/as integrantes de persoas xurídicas ou de comunidades de bens, poderán presentar candidatura, ou exercerán o voto polo colectivo e sector da produción na que se atopen censados, seguindo os criterios establecidos no artigo 5 destes estatutos.

3. A elección a persoas membro da xunta xeral da confraría rexeranse polo disposto nos apartados seguintes:

- a) Cada elector/a, en función do colectivo ao que pertenza, votará separadamente aos/ás seus/súas candidatos/as, podendo dar o seu voto ao número máximo de vocais atribuídos pola comisión electoral ao sector de produción ao que pertenza.
- b) Serán proclamados electos/as aqueles/as candidatos/as que obteñan o maior número de votos, ata completar o de vogais atribuídos a cada sector de produción. Con esta votación quedan elixidos/as as persoas membro da xunta xeral da confraría.
- c) Os/as candidatos/as mais votados a vogais da xunta xeral serán membros natos da xunta directiva da respectiva agrupación e, entre eles/elas, o mais votado será o/a presidente/a da xunta directiva da agrupación sectorial.
- d) Cando o número de membros natos non fose suficiente para completar o número total de membros da xunta directiva da agrupación, os regulamentos internos das agrupacións regularán o procedemento específico para a cobertura de prazas das persoas membro non nato, de forma que as xuntas directivas das agrupacións



sectoriais queden constituídas nos prazos que marque o calendario electoral marcado na correspondente convocatoria.

- e) En caso de empate resolverase a favor da persoa membro do xénero infrarrepresentado no censo do sector da produción ao que pertenza; no caso de persistir o empate resolverase en primeiro lugar a favor do/a que teña maior antigüidade na confraría en segundo lugar, a favor do membro de maior idade e, se fose necesario, resolverase por sorteo.

Artigo 73º.- Voto por correo

Os/as electores/as que prevexan que na data prevista para a votación non puideran desprazarse á mesa electoral constituída para exercer o seu dereito ao voto, poderán emitir o seu voto por correo segundo o procedemento establecido no artigo 97 Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.

Sección 2ª Administración electoral

Artigo 74º.- Administración electoral

1. A administración electoral ten como finalidade garantir a transparencia e legalidade do proceso electoral.
2. Está formada por:
 - a) A xunta electoral, única para toda Galicia.
 - b) Unha comisión electoral para cada confraría.
 - c) Unha mesa electoral para cada confraría.



Artigo 75º.- Das persoas membro da administración electoral

Non poderán formar parte dos órganos da administración electoral os/as candidatos/as ás eleccións. A aceptación da condición de membro da comisión ou da mesa electorais, implica a renuncia a formar parte das candidaturas.

Artigo 76º.- Da comisión electoral

1. A comisión electoral da confraría estará composta por:

- a) O/a presidente/a.
- b) O/a secretario/a.
- c) Tres vogais.



2. A xunta xeral designará catro vogais de entre os seus membros, dous por colectivo, entre os cales se elixirá un/una presidente/a, cuxo voto será dirimente en caso de empate. O/a secretario/a será o/a da confraría. A xunta xeral designará o mesmo número de suplentes.

3. No caso de que a confraría teña un censo de cincuenta ou menos afiliados, poderá solicitar á xunta electoral que a comisión electoral exerza as funcións da mesa electoral.

Artigo 77º.- Funcións da comisión electoral

Son funcións da comisión electoral, entre outras:

- a) Elaborar e aprobar o plan electoral, que deberá conter como mínimo:
 - O número de persoas membro a elixir na xunta xeral e no cabido.
 - O reparto dos vogais para cada sector da produción, tendo en conta que deberán respectarse, sempre que sexa posible, os criterios de paridade e proporcionalidade.
 - O número de membros que constitúen a xunta directiva de cada agrupación sectorial, con indicación do número de membros natos que lles corresponden.
- b) Publicar o censo electoral, e resolver en primeira instancia as reclamacións respecto de dito censo.

- c) Aprobar o censo definitivo.
- d) Designar aos/ás compoñentes da mesa electoral e notificarlles a designación, que deberá ser aceptada por escrito.
- e) Aprobar e proclamar as candidaturas e resolver as reclamacións sobre estas.
- f) Confeccionar as papeletas e sobres electorais.
- g) Preparar o colexio electoral, as urnas e toda a organización material do proceso electoral.
- h) Proclamar as persoas electas.
- i) Velar pola legalidade dos comicios.

Artigo 78º.- Da mesa electoral



1.A mesa electoral da confraría está composta por:

- a) O/a presidente/a, que será o/a patrón/patroa maior.
- b) O/a secretario/a, que será o da confraría.
- c) Catro vogais, dos que dous/dúas serán os/as traballadores/as de maior e menor idade do censo, e os outros dous os/as empresarios/as que reúnan iguais características.

2. Os/as vogais da mesa electoral, e os/as seus/súas suplentes serán designados pola comisión electoral da confraría entre os/as persoas membro dos colectivos de traballadores/as e empresarios/as, seguindo o criterio da idade.

3. O voto do/a presidente/a será dirimente en caso de empate.

Artigo 79º.- Funcións da mesa electoral

1. Son funcións da mesa electoral:

- a) Presidir as votacións.
- b) Efectuar o escrutinio e velar pola legalidade do sufraxio.
- c) Resolver as incidencias que se poidan presentar durante as votacións.

2. A mesa constituirase o día da votación, una hora antes da apertura do colexio electoral.
3. A mesa electoral dunha confraría contará cunha urna para cada sector da produción de cada un dos colectivos de empresarios/as e de traballadores/as.

CAPÍTULO X

SISTEMAS DE GARANTÍAS E RECURSOS

Artigo 80º.- Peticións, demandas e recursos dos/as afiliados/as

Calquera afiliado/a pode dirixir peticións, formular demandas ou interpoñer recursos ante os órganos de goberno da confraría, de acordo cos procedementos respectivamente aplicables. En todo caso, é deber dos órganos de goberno competentes dar xustificación das cuestións presentadas, orientar, se houbera lugar a elo, sobre os requisitos de procedemento, resolver segundo sexa procedente e notificar ao interesado o contido do acordo, con indicación dos posibles recursos e prazos.

Artigo 81º.- Recursos

1. Contra os actos, acordos e disposicións da confraría adoitados no exercicio das súas funcións públicas e suxeitas ó dereito administrativo, caberá recurso de alzada ante a consellería competente en materia de pesca, de acordo co disposto no apartado 3 do artigo 7 da Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia, e seguindo o procedemento da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, tendo en todo caso esta consideración as seguintes cuestións

- a) constitución, funcionamento e órganos de goberno das confrarías,
- b) procesos electorais,
- c) actos de afiliación,
- d) segregación, disolución e fusión da confraría.

2. Nas cuestións de contratación de persoal por parte da confraría, a súa actividade patrimonial de carácter mercantil ou comercial, o seu réxime disciplinario, así como todas



aquelas cuestións de natureza xurídica distinta á sinalada no punto anterior caberá recurso ante o órgano xurisdiccional competente, de acordo coas normas que lle sexan de aplicación.

CAPÍTULO XI

DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO

Artigo 82º.- Do réxime disciplinario

1. O incumprimento das obrigas dos afiliados/as da confraría poderá dar lugar á esixencia de responsabilidade a través do correspondente procedemento disciplinario. O procedemento disciplinario requirirá, salvo para as faltas leves, a apertura dun expediente previo, conforme ao regulado neste capítulo.
2. Na tramitación destes procedementos disciplinarios aplicarase supletoriamente a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e o Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
3. Non se imporá sanción algunha por infraccións que non estean previamente tipificadas nestes estatutos.
4. Corresponde ao/á patrón/patroa maior a incoación do expediente disciplinario, ben por propia iniciativa, por acordo da metade máis un dos membros do cabido ou da xunta xeral, ou por denuncia dalgún membro da confraría. No acordo de iniciación de expediente nomearase ao/á instrutor/a do procedemento.
5. As infraccións cometidas polas persoas membro da confraría clasifícanse en leves, graves e moi graves.



Artigo 83º.- Iniciación

1. O acordo de iniciación do expediente disciplinario formalízase co contido mínimo seguinte:

- a) Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsable.
- b) Os feitos que motivan o expediente con indicación da posible cualificación e da sanción que poida corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución.
- c) Nomeamento do/a instrutor/a, que poderá ser recusado/a de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- d) Órgano competente para a resolución do expediente.
- e) Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento, e do prazo para o seu exercicio.

2. O acordo de iniciación deberá ser comunicado ao/a instrutor/a, e notificado ao/á interesada/a, coa advertencia de que no caso de non formular alegacións no prazo concedido o acordo de iniciación poderá ser considerado proposta de resolución.

Artigo 84º.- Instrución

1. Os interesados disporán dun prazo de cinco días para aportar alegacións, documentos ou informacións que estimen convenientes, e no seu caso propor a práctica de probas.

2. Concluída, no seu caso a práctica da proba proposta que se estimase pertinente, e aquela outra que acorde o/ instrutor/a, este formulará proposta de resolución na que se fixarán de forma motivada os feitos, con indicación dos que se consideren probados, a súa cualificación xurídica, determinando a infracción cometida e a sanción que se propón impor, así como a indicación da persoa responsable.

3. A proposta de resolución notificaráselle ao/á interesado/a concedéndolle un prazo de



tres días para formular alegacións e aportar os documentos que estime pertinentes.

4. Salvo no caso de que o/a interesado/a non tivera feito alegacións no prazo concedido no apartado 1, pódese prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin sexan tidos en conta, outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo/a interesado/a.

5. A proposta de resolución cursarase ao órgano competente para resolver, xunto con tódolos documentos do procedemento.

Artigo 85º.- Resolución

1. O órgano competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción, de conformidade co previsto s artigos 72 e 136 da Lei 30/1992

2. O órgano competente para resolver ditará resolución motivada. A resolución formalizarase por calquera medio que acredite a vontade do órgano competente para adoptalo.

A resolución que poña fin ao expediente terá que ser motivada e resolverá todas as cuestión formuladas no expediente. Deberá ser notificada dentro dos dez días seguintes aos da súa adopción, e incluírá necesariamente:

- a) a valoración das probas practicadas nas que se funde a decisión.
- b) a relación dos feitos probados, e a persoa responsable.
- c) a tipificación, a infracción cometida e a sanción que se impón, de ser responsable dos feitos.
- d) De ser o caso o órgano administrativo ou órgano xudicial perante o que deberán presentarse os recursos que procedan, e o prazo para interpoñelos.



3. As resolucións notificaranse aos interesados, no prazo máximo de cinco días dende a data que se houbera ditado, e deberá de conter o texto íntegro da resolución.

4. As notificacións practícaranse por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou do seu representante, así como da data, a identidade e o contido do acto notificado. A acreditación da notificación incorporárase ao expediente.

5. Cando o interesado ou o seu representante rexeite a notificación dunha actuación dentro do procedemento disciplinario, darase conta no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación e terase por efectuado o trámite, seguíndose o procedemento.

Artigo 86º.- Infraccións



1. Considéranse infraccións leves:

- a) A inasistencia inustificada ás convocatorias de reunións, durante tres veces consecutivas no curso dun ano, agás xustificación axeitada.
- b) A falta de colaboración na aportación de datos e informes que non sexan exclusivos de dominio privado.
- c) A perturbación da orde nas reunións.
- d) Causar danos nos bens ou elementos das instalacións da Confraría en contía non superior a 30 euros.

2. Considéranse infraccións graves:

- a) As palabras ou manifestacións ofensivas en relación cos órganos de goberno, coas persoas que os constitúen, ou co persoal da confraría.
- b) A inobservancia grave das regras de convivencia da vida asociativa.
- c) A reiteración de tres faltas leves, no prazo dun ano.
- d) A falta de respecto, desconsideración ou desobediencia aos membros da xunta xeral, cabido e patrón/patroa maior, ou ao persoal da confraría no desempeño das súas funcións.

- e) Causar danos nos bens ou elementos das instalacións da confraría en contía entre 31 euros ata 300 euros.
- f) Non aboar as cotas, derramas ou prestacións de servizos, nos prazos fixados.
- g) A obstrucción das labouras de inspección dos gardapescas sen chegar a impedir o seu exercicio.

3. Considéranse infraccións moi graves:

- a) A agresión física aos/ás persoas membros ou persoal da confraría.
- b) A reiteración de tres faltas graves.
- c) Causar danos nos bens ou elementos das instalacións da confraría en contía igual ou superior a 301 euros.
- d) Non atoparse ao día coas obrigas económicas coa Confraría, previo requirimento aos socios deste feito.



Artigo 87º.- Sancións

1. Identificadas as infraccións, graduaranse as sancións atendendo á negligencia, á intencionalidade e á reincidencia do/a infractor/a, así como á índole ou a transcendencia do prexuízo causado á institución ou ós seus representantes.

As sancións que poden aplicarse pola comisión das infraccións previstas nestes estatutos son as seguintes:

- a) apercibimento.
 - b) Multa
 - c) A recuperación, restitución e corrección polo infractor e ao seu cargo dos efectos causados pola súa acción ou actuación.
 - d) Estas sancións serán acumulables de conformidade co establecido nesta norma.
2. De conformidade cos citados criterios as sancións serán:
- a) Pola comisión de infraccións leves, apercibimento, suspensión condicional dos dereitos de socio entre 2 e 10 días, ou multa de 50 a 150 euros.
 - b) Pola comisión de infraccións graves, suspensión condicional dos dereitos de socio entre 11 e 30 días, ou multa de 151 a 500 euros.

c) Pola comisión de infraccións moi graves, expulsión da confraría ou multa de 501 a 1.000 euros, ou a reposición do ben ou dano causado no seu perfecto estado de funcionamento.

3. Imposta a sanción, o seu importe será abonado da seguinte forma:

3.1 Por medio de pago voluntario, admitíndose o pago fraccionado.

3.2 En defecto do anterior o importe da multa será deducido do importe de venta en lonxa, admitíndose a dedución de forma fraccionada.

4. As sancións serán impostas por:

- O/a patrón/patroa maior, as sancións leves.
- O cabido, as sancións graves.
- A xunta xeral, as sancións moi graves.



Artigo 88º.- Prescrición

As infraccións e sancións previstas nestes estatutos prescribirán da seguinte forma: as leves aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día da comisión da infracción. Interrompe a prescrición da infracción a iniciación do procedemento disciplinario, con coñecemento do interesado, do procedemento disciplinario, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente disciplinario estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquire firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrompe a prescrición da sanción o procedemento de execución da sanción.

Artigo 89º.- Responsabilidade civil

Tanto nos casos de infracción, como no incumprimento das obrigas establecidas no estatuto, o órgano que resolta o expediente poderá impoñer ao responsable a indemnización por danos e perdas a favor da confraría.

Artigo 90º.- Outras responsabilidades

Se os órganos de goberno da confraría entenden que a conduta axuzada pode ser constitutiva de delito ou falta tipificada penalmente, denunciará tales feitos ante o órgano xurisdiccional competente.

CAPÍTULO XII

DAS FEDERACIÓNS, ASOCIACIÓNS E CONVENIOS

Artigo 91º.- Da relación con outras confrarías

Cando así o acorde a xunta xeral, a confraría poderá federarse con outras confrarías, ou acudir a modalidades asociativas distintas, destinadas á xestión de determinados servizos de interese común, de acordo coa lexislación vixente que lle sexa aplicable. No suposto de asociación, e unha vez aprobada a constitución da asociación polo órgano competente, deberase remitir unha copia dos estatutos aprobados para proceder á inscrición da asociación no Rexistro de confrarías e das súas federacións.

Artigo 92º.- Dos convenios e das asociacións

1. A confraría poderá establecer, con outras confrarías ou federación ou con outras entidades, acordos e convenios de colaboración para a defensa dos seus intereses



xerais, sempre que teñan un obxecto lícito e a súa consecución redunde nun mellor cumprimento dos seus fins, debendo remitir unha copia do acordo ou convenio á consellería competente en materia de pesca, para o seu coñecemento e inscrición no Rexistro de confrarías e das súas federacións.

2. Os convenios fixarán o obxecto, as competencias dos órganos que o subscriben, os mecanismos de asistencia técnica e control, o réxime de financiamento e a súa duración.

CAPÍTULO XIII

DA REFORMA DO ESTATUTO

Artigo 93º.- Da reforma

1. A reforma destes estatutos poderá ser proposta por:

- a) Petición de dous terzos ($\frac{2}{3}$) dos membros do cabido.
- b) Petición da metade máis un dos membros da xunta xeral.
- c) Petición das tres quintas ($\frac{3}{5}$) partes da totalidade dos socios da confraría.

2. A proposta presentarse por escrito asinado por tódolos proponentes, indicando o obxecto da reforma.

3. No prazo máximo de dous meses, a xunta xeral da confraría deberá resolver a proposta formulada. O acordo favorable requirirá do apoio dos dous terzos ($\frac{2}{3}$) dos membros da xunta xeral.



CAPÍTULO XIV

DAS FESTAS OFICIAIS

Artigo 94º.- Das festividades

1. A Confraría de pescadores de Noia, ten como patrón a S. Bartolomé, declarando festa oficial o día en que cada ano se celebre dita actividade, asimesmo a Confraría celebrará actos na honra da Virxe do Carme, o 16 de Xullo, patroa dos mariñeiros, A xunta xeral, en calquer momento podrá declarar outras festas oficiais as de usos e costumes da localidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A confraría réxese polos presentes estatutos, polo disposto na Lei 9/1993, de Confrarías de pescadores de Galicia, a Lei 11/2008 de Pesca de Galicia, o Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, e demais normativa complementaria aplicable.

No suposto de colisión entre os presentes estatutos e as normas antes citadas, aplicaranse estas últimas.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogados os estatutos e as disposicións que ata agora viñan rexendo na Confraría de pescadores S. Bartolomé de Noia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Os presentes estatutos entrarán en vigor cando sexan inscritos no Rexistro de confrarías e das súas federacións.

O PATRÓN MAIOR,

Asdo.: Santiago Cruz Martínez



O SECRETARIO,

Asdo.: Adelo Freire Gandarela



